

Dende o CPI Santa Lucía queremos facer un pouco máis amena esta época que estamos a vivir. Para iso queremos celebrar con todos vós a primeira edición de “Eurovisión na casa”. Dado que o festival orixinal foi cancelado, e que nós somos xente de recursos montaremos o noso propio festival.

Para participar é moi sinxelo só deberás seguir estes pasos:

1. Elixes unha canción de Eurovisión, de calquera ano e calquera país.
2. Envía a túa elección ao seguinte correo lorenacamposfar@gmail.com indicando o seguinte: Alumno/a, curso, país/canción/artista que representarás. RÓGASE ENVIAR ESTE CORREO ANTES DO LUNS 15 DE MAIO(SÓ ESTA INFORMACIÓN SEN O VÍDEO).
3. Selecciona quen formará parte parte do teu espectáculo (inclúe a túa familia, mascotas, bonecos...).
4. Con cousas que atopas pola casa elabora un bo vestuario e escenario, xa que todo se valorará nas puntuacións.
5. Fai un vídeo en horizontal, de máximo 1 minuto, facendo playback ou cantando, o cacho de actuación que elixas.
6. Unha vez teñas o teu vídeo listo, envíao por WETRANSFER, para poder enviálo xa que vai a ser un arquivo pesado. Para enviálo é moi sinxelo; pon no buscador de google wetransfer. Non tes que crear ningunha conta, simplemente escribes o teu correo, e o correo ao que o envías lorenacamposfar@gmail.com , daslle ao botón de “añade tus archivos” e seleccionas o vídeo. Unha vez lle deas a enviar mandaranche un código de confirmación ao teu correo que debes escribir e listo, xa estaría enviado.

Con todos os vosos vídeos e co noso equipo de presentadores, faremos entre todos o mellor festival da historia.

Animádevos e participade, antes de que se emita o concurso indicárase a forma de votar e o gañador/a obterá o seu premio.